

HORAS DE COMPOSTELA

S



REAL
ACADEMIA
GALEGA

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO
HORAS DE COMPOSTELA



HORAS DE COMPOSTELA

HOMENAXE DA REAL ACADEMIA GALEGA A
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Edición e coordinación de Marilar Aleixandre

A Coruña, 21 de marzo 2019



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Salv

- © Desta edición: Real Academia Galega
- © Dos textos: Salvador García-Bodaño e autoras e autores
- © Deseño: Pepe Barro
- © Maqueta: Nélica Cosme

Fotografías:

Retrato de Salvador García-Bodaño. Real Academia Galega. Arquivo.

Detalle de Salvador García-Bodaño nun retrato colectivo, cortesía da editorial Galaxia.

Xohana Torres, Carlos Casares, Arcadio López-Casanova e Salvador García-Bodaño, 17 de maio de 1963, cortesía da editorial Galaxia.

Retrato de Salvador García-Bodaño por Maside, en *Ao pé de cada hora*, 1967.

Retrato de Salvador García-Bodaño por Luís Seoane, en *Figuracións* / Luís Seoane, 1994.

D.L.: C 364-2019

ador

CIDADE SOÑADA



Difícil separar a voz do poeta do territorio simbólico da cidade. Neste caso a cidade é Compostela. O título desta celebración, homenaxe e festa da poesía, evoca inevitablemente o espazo que Salvador García-Bodaño habita dende a primeira infancia, malia nacer á beira do mar de Vigo (Teis, 1935), pois ao longo da súa vida aquí foi construíndo o seu canto, que é tamén a súa experiencia, memoria propia e memoria dos seus, que avanza polas rúas asoportadas como sombras maravilosas.

Compostela do corazón e a memoria. Arcadio López-Casanova, amigo daqueles anos primeiros, salienta a súa preferencia pola elexía como xénero ou subxénero poético. Elexía non tanto do que se perde como do que se soña e reivindica, diría eu, coma quen alza unha bandeira, un facho de referencia.

Compostela é a nación de Salvador, o espazo sentimental, emocional, histórico, sobre o que o poeta constrúe o seu discurso e se constrúe a si mesmo, espello de Galicia enteira, fiestra que se abre ao mundo e nos universaliza. Compostela dos mestres e dos amigos. Compostela dos soños e das derrotas, que seguramente tamén houbo. Non podíamos titular doutra maneira esta homenaxe.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

NAVEGAR NO VERSO.
TRAVESÍA DE TEMPO

Doce horas sumará este intre (de papel).
 A primeira delas, o legado-laudatio de Arcadio
 López-Casanova, dará paso a dez horas de versos,
 dez horas que transcorren nun momento,
 dez horas de poeta.

Dende o mar, atracan nas pedras de Compostela
 as chalanas de Luz Pozo Garza, Xosé Luís
 Franco Grande, Margarita Ledo Andión, Dores
 Tembrás e Darío Xohán Cabana. Navegan
 pola rúa do Vilar as dornas de Helena Villar Janeiro,
 Xulio López Valcárcel, Marilar Aleixandre, Alba Cid e
 Baldo Ramos. Cada hora engade unha badalada
 e dá luz, novamente, a unha vida condensada
 en doce horas. A duodécima delas ecoará na voz
 de Xesús Alonso Montero, director da Sección de
 Literatura da Real Academia Galega. Así,
 tras os once sons con sabor a latón e tacto metálico,
 chegará a derradeira hora: *cada balad' é un delor*.

E tralas doce badaladas, a primeira e a última
 palabra, completando a circunferencia deste reloxo,
 soarán de man do presidente da Academia,
 Víctor F. Freixanes, activando e desactivando
 o devir do tempo.

As agullas, que non mancan, dividindo a esfera
 en terzos, son e serán a música de Miro Casabella.
 As cordas e a voz de Salvador García-Bodaño.
 A súa palabra a bordo dunha barquiña de remos
 que aínda ole a sal e canta, cada noite, as doce
 badaladas da Berenguela. As horas de Compostela.

Andrea Porto

Escritora e música

NO ABEIRO DO CANTO

Membro ben destacado dunha xeración brillante e anovadora –a das Festas Minervais–, que se manifesta naqueles *anos escuros* de finais dos 50, Salvador García-Bodaño foi elaborando devagariño un corpus poético de rigorosa unidade e matizada evolución, rexido –sempre– por dous principios: un, a fidelidade ó seu *modo* (que non á moda fugaz); outro, a relevancia dada –por riba de todo– á razón estética da palabra creadora.

En *Ao pé de cada hora* (1967) –a súa primeira entrega–, o canto, de intensa liricidade, responde a un *personalismo* revelador (un “eu-no-meu-vivir”, diríamos) modulado polo *himno* e maila *elexía*. Dáse así, dunha banda, a creación do seu *cancioneiro de xuventude*, co amante como *viator amoris* (“Peregrinei a ti,/ peregrino de adeuses e nostalxias”) en procura da amada, e esta –“pregoeira de ledicia”– como figura doadora de beleza e alento vivificador. Hímnica do amor fecunda, que un cuarto de século despois (1993), ofrecerá cos *Poemas a Xulia* outro *cancioneiro* –o da madurez– xa de gozosa plenitude vital e creadora.

E dáse logo, doutra banda, a *elexía* de enaltecedor signo moral, dramática apóstrofe da lamentación que convoca a figuras queridas na súa exemplaridade humana, sexa de orde familiar (o pai), cultural (os mestres sempre admirados) ou social (víctimas da represión, defensores heroicos da patria e a liberdade).

Sen rupturas no seu *modo*, na súa axustada dicción, *Tempo de Compostela* (1978) achega trazos anovadores, pois agora o seu *personalismo* revelador acada escenario lírico na cidade xacobeá. Ora ben, esa Compostela non vai ser a de signo mítico (que percorreron Lorca e Pimentel), nin o retábulo medieval de vida vizosa e do común (que debuxou Seoane), senón que ese “tempo” do título e mais o espazo escénico apuntan a unha representación lírica na que quedan fundidas a intrahistoria persoal

e maila social. Dito doutro xeito, no conxunto de *estampas* e *retratos* (de figuras históricas e coetáneas, persoeiros da galegitude), o socalco memorial do eu lírico queda asolagado na imaxe de privación e dor colectivas, no silencio cheo de medos que se pouza nas rúas e as prazas, convertendo así a cidade en emblema da patria sometida e aldraxada (“Nada se agardaba/detrás dos vidros da choiva”).

Xa nun último banzo, *Cidade virtual* (2003) sorprende coas súas novidades no estético e no formal. Neste conxunto, o escenario representado vai corresponder moi principalmente ás formas da vida urbana que nos acoran no presente e ameazan dende o futuro. Actualizando, á luz do noso tempo e do noso mundo, aquela visión que da metrópole, do “teatro urbano” –xa para loanza (futurismo), xa para dicterio (surrealismo)– deron algunhas vangardas históricas, o noso poeta, co apoio expresivo de figuras gráficas e das formas compositivas do poema, trae un debuxo distanciado e irónico dos xeitos de vida automatizados, rexidos por fríos códigos de deshumanización e alienación, de demoucador desarraigo, de baleiro.

Velaí o seu dicir. Como poucos, soubo el erguer a voz e, en tempos ben miserentos, facer do canto un abeiro liberador, autenticador.

Mais –hai que subliñalo– a respectada personalidade do noso amigo homenaxeado non se limita ó grande poeta, á alta voz lírica que rematamos de considerar: a súa figura amosa, asemade, outros perfís de relevancia. Así, e na creación, de par do poeta está o espléndido narrador de *Os misterios de Monsieur D’Allier* (1992), feixe de relatos recollidos –así nolo di o transcritor– dun manuscrito atopado nunha vella pousada da rúa da Algalia.

Son contos de ben rica función diversiva de cara ó lector –a que nos fai estrear mundos, a que nos abre os pechados lindeiros da nosa existencia–, enmarcados todos eles –como non!– en Compostela (nunha Compostela sen tempo ou de calquera tempo), que engaiolan pola súa feitura, polo debuxo dos personaxes, o manexo da intriga envolta sempre no mistérico ou marabilloso, e que entroncan coa máis xenuína tradición contística de noso, xa popular, xa culta.

Está, logo, o comunicador, o articulista de ollada lúcida e ponderada, que acerta na esculca de cada momento e circunstancia, e en discernir os problemas –xa de onte, xa de hoxe– que mancan o medro e desfiguran o tecido sociocultural do noso país. Unha esculca e un discernimento sempre necesarios para poder subir con firmeza os duros banzos que nos leven a un futuro mellor.

E está, en fin, o intelectual en canto *home de acción*, que xa dende aqueles anos escuros da resistencia político-cultural foi exemplo de dedicación e de compromiso, de sacrificada tarefa, animoso sempre, sempre con ilusión e ata humor contaxioso naquela loita, arrodada de silencios cómplices, polas liberdades e a identidade da nosa Galicia inmorredoirá.

Labor exemplar o seu, ben de certo, de creación, de comunicación, de guía ou apoio a tantos e tantos proxectos co selo galeguista, de alento cordial, leal ó traballo de compañeiros e amigos, que –está de máis dicilo– ben merece o fervor entrañable desta homenaxe que se lle ofrece.

Arcadio López-Casanova

Académico de honra
da Real Academia Galega

TEXTOS

Os textos transcribíense das seguintes edicións:

Ao pé de cada hora. Galaxia, 1967.

Tempo de Compostela. Edicións do Cerne, 1979.

Obra poética. Espiral Maior, 1993.

Pegadas no alcatrán. Café Central, 1994.

Ao pé de cada hora. La Voz de Galicia, 2002.

Cidade virtual. Biblos, 2003.

Cantos de ausencia. Elexías (1959-2002).

A Nosa Terra, 2004.

Tempo de Compostela. Editorial Compostela, 2004.

Poetas con Rosalía I. Fundación Rosalía de Castro,
2006.

Poema de dezaseis versos en catro estrofas. Altéranse os versos de arte maior e menor. Con certas irregularidades métricas que permiten aumentar ou diminuír unha sílaba, segundo se lles apliquen as marcas antitélicas da sinalefa ou do hiato...

Tal variación está de acordo co sentido da primeira estrofa do poema: onde se parte da identidade da cidade de Compostela coma dunha “rúa longa” da memoria.

Deféndese así a posibilidade de variar os nomes e as horas no recordo de cadaquén. Na súa lembranza. Xa que a memoria só existe en tanto sexa persoal e intransferible.

Se Compostela é un espazo memorial na primeira estrofa, o tempo tamén sofre transformacións de falta de luz: de “sombras case vougas” que o escurecen todo coma unha choiva nun lugar mesmo desértico, “vougo”.

Na terceira estrofa declara o poeta a vida coma un libro onde as follas feitas música pasan sen se sentir. As lousas fan de atril e todo carece de sentido... coma ensoñar as artes...

E, por último, as memorias son as ondas que emerxen de nós mesmos. Se nun principio chegan soltas, en chegándonos somos con elas ese mar descoñecido que nos deixa, pero que tamén se alonxa de nós / E nos alonxa de nós mesmos...

Dicía o poeta Eduardo Moreiras nun libro aínda inédito: *La Soledad del Mar*:

pero la mar se abre a la luz desnuda
y cantan amor y muerte confundidos...

Escollín este precioso poemiña do poeta Salvador García-Bodaño, polo afán soñador de comparar vida e arte. Dende Darwin, aparece hoxe unha bioloxía post-xenómica integrada nun contexto máis vital. Unha nova vida dotada dunha nova conciencia: a conciencia vital...

Luz Pozo Garza

Compostela é unha rúa longa
na memoria
onde vagan os nomes
e as horas
que cada quen recorda...

Tempo de eternidade nas sombras
case vougas
a caír polos días
e as cousas
maino como unha choiva.

No libro da vida van as follas
anónimas
pasando sobre do atril
das lousas
sin que un se dea conta.

E as lembranzas mesmo como as ondas
xurden soltas
dende o fondo de nós
e todas
fan un mar que se alonxa...

Tempo de Compostela (1979)

A única razón que me moveu para elixir “Illa atlántica” foi o constatar, neses dezaseis versos do poema, nada menos que nove termos mariñeiros. Podería ter elixido calquera outra composición, pero esta espertou a miña curiosidade por ser García-Bodaño poeta nacido na Galicia interior. Eu diría que todo o poema recende a mar, os seus dezaseis versos así nolo demostran: un mar onde hai nostalxias salgadas, redes, praias, ondas, naufraxios, faros, illas... elementos da realidade inmediatea que o poeta utiliza e transforma para crear esa imaxe final desta composición onde el mesmo se ve un mar perdido na illa que é a súa muller amada. Os versos están dispostos en hendecasilabos sen rima, se ben atopamos frecuentes asonancias na maioría deles (**mesmo, silencio, chego, esquezo, ou miña, ruína, illa**, pero que non seguen ningunha orde especial).

Xosé Luís Franco Grande

ILLA ATLÁNTICA

Chega o mar dende o lonxe de min mesmo
ata estas miñas mans cheas de adeuses,

de nostalxias salgadas como redes
que arrastro polas praias do silencio.

Chega o mar ou tal vez son eu que chego
da máis íntima ausencia do teu nome

doce palabra nunca pronunciada
para alá da pel túa sobre do esquezo.

Nas ondas do baleiro, amada miña,
sinto a túa voz de auga que me leva

nun cántico de amores e naufraxios
cara a sombra do tempo xa en ruínas.

Ponse o sol nos meus ollos e a noite
énchese de recordos como estrelas.

Cegan tódolos faros no horizonte
e son un mar perdido na túa illa.

Cidade virtual (2003)

O ritmo interno, as combinatorias novas na escrita, a ironía certeira. Para min é o obxecto bo, o rostro dunha xeración que me brindou os primeiros sinais estábeis, o lecer de mercar e ter nas mans *Ao pé de cada hora* [e de facer o que non se debe: apuntamentos nel].

Nunha montaxe circular, onde cada peza se pode relacionar coas demais, o Salvador García-Bodaño que intervén na esfera pública é o recitador nas Minervais, a Agrupación cultural O Galo, o Museo do Pobo Galego, o Ateneo de Santiago [na compañía do Chichi Campos], a AELG e meterse en política cando foi necesario, no seu caso no extinto PSG, para alén de escoller o xornal como lugar de defensa da lingua e de divulgación cultural.

Débolle unha amizade que endexamais crebou, horas baixas que fixemos altas, e aquela entrevista con Avilés na que descubrín que eu me fixera xornalista por unha falsa noticia.

Margarita Ledo Andión

LONXÁS DOMINGOS REPRIMIDOS

Recendía a mañá como a barquillos
 a follas do abc, misa cantada,
 a mantilla española e fútbolín,
 a señoritas ben con bragas albas.

A nenas de mamá –corpo cinguido–,
 a mociñas de tetas ben labradas,
 sostén inmaculado –con corchetes–
 e as carnes como sabas perfumadas.

A castos Exercicios e detentes,
 a enfermeiras con música de banda,
 a Fillas de María e novenarios

e a bragas sobre todo, sempre a bragas,
 agachando volumes devecidos
 tapando escuras formas desexadas.

Pegadas no alcatrán (1994)

“Un suco no tempo” ben podería ser faísca que ilumina
o labirinto da vida. O poeta escritura a amosega
que deixa o seu paso, unha sorte de soño que esmorece
ou se esvae, ancorado na dor. A intimidade
dende a que se pronuncia o poema só pode subliñar
o compromiso coa palabra e o fondo respecto por quen o le,
facéndonos dignos depositarios desta revelación.

Dores Tembrás

UN SUCO NO TEMPO

Dóenme xa os ollos e as mans
de tantos adeuses...

Ás veces un home nace para a dor
e para sentir aló no peito
o eco esmorecido
de voces e nomes
que foron morrendo...

Eu son así:

Un home só ao pé de cada hora
como un soño esvaído
nun andén lonxano.

Tal vez un suco no tempo
a se perder en si mesmo
a través dos teus ollos de nai.

Ao pé de cada hora (2002)

Escollo este poema do Bodaño porque me acompaña dende a miña primeira mocidade, coma quen di desque se publicou abrindo *Ao pé de cada hora* no ano 67. Porque este é pra min, e creo que pra moitas persoas da miña xeración, un dos poemas que simbolizaron ou axudaron a nosa rebelión política contra o feixismo e pola liberdade da nación galega. Agora, medio século despois, Galicia segue sendo “isto que vai en nós e que nos leva”; agora, máis de medio século despois, vemos tamén claramente que o feixismo non morreu, pois coma a hidra de Lerna prepárase a rexurdir –perdóademe a referencia ministerial– na súa forma tricefálica. Que o bon Heracles, amigo da xente, nos axude a exterminala.

Darío Xohán Cabana

GALICIA

Galicia é isto que vai en nós
e que nos leva
camiño aberto nos sulcos
onde todo é por vír e non chega...

Galicia ferida en sono e sombra,
Galicia enteira
coma un morto baixo un albre
soterrado
onde todo durme e non esperta.

Galicia do mar e da curtiña,
Galicia miserenta,
chan de ledicia queixumbrosa
onde a fame énchese de pacencia.

Galicia do sí, do non e do quén sabe,
duda inmensa
a falar sempre o que lle mandan
sin decir o que pensa.

Galicia verdadeira, cándo?

I eiquí, sin máis,
esgázase o meu poema...

Ao pé de cada hora (1967)

No ano 2006, na Fundación Rosalía de Castro creamos unha colección poética (cinco entregas) para presentar anualmente o 15 de xullo. Convidamos a participar a unha boa rolda de poetas arredor de Rosalía. Entre esas voces, xa na aventura do primeiro número, está a de Salvador García-Bodaño que escribiu este canto de presenza e ausencia da Poeta de Poetas, sentíndoa tan próxima como distante, tan coñecida como descoñecida, tan tanxible como inapreixable, mentres a contempla nun encontro tan lúcido como onírico.

Composición propia dun creador en plena madurez, tráíoo aquí pola emoción que suscita a súa auténtica paixón rosalianista e pola efectividade dos seus recursos.

Helena Villar Janeiro

AMENCIDA DE ALUCINACIÓN

Relendo a Rosalía nos confíns da noite

De páxina en páxina procúrote,
búscote
nos teus poemas máis profundos,
leo a túa voz muda en cada letra
e case que te vexo
e te percibo
no aire alucinado do amencer.

Chamo por ti na flor da madrugada
cando te sinto próxima
e perdida
no ámbito ferido dos teus versos,
no pasado sen vida da memoria.

Dende as tebras da miña ansiedade,
tento chegarme a ti
atoutiñando
nas portas invisíbeis do misterio,
ir
ata ese non ser que te desterra
no silencio total que te posúe.

Síntote, na penumbra do imposíbel,
a esvaer na túa ausencia
como un soño,
un soño no que xa non te soñarás.

A túa imaxe

presa nos retratos
dime apenas como eras (vagamente),
como vestías,
como che gustaban
os calculados rizos sobre a fronte
na adornada escureza do teu pelo.
Como foi o teu rostro redondeado,
de leve
e melancólico sorrir,
onde a dor puxo un xesto de tristura.

Nos delirios da mente preséntasteme
nunha imprecisa néboa
atemporal
que te trae silandeira a par de min.


De ti coñezo como escribías,
e coñezo tamén como pensabas,
o teu sentir da vida
e dos demais,
mais de ti apenas sei físicamente,
do teu xeito de andar e de moverte,
e fáiseme terríbel non ouvir
o timbre
nin o ton do teu falar.

¿Cal sería o vibrar da túa voz
xa extinguida
nos teus días pretéritos?
¿Era de acentos graves e intensos?
¿firme e clara quizais?
¿doce e contida?...

Na soidade da noite que te acolle
vagan perdidas as túas palabras.

No Casal das Figueiras,
15 de maio de 2006

Poetas con Rosalía I (2006)



Nun espazo nocturno e insomne, o eu poético sente bater as ondas dun mar interior (xurdido das propias palabras) “contra as xanelas”, “contra os vidros da néboa”, contra a consciencia. Mar/presenza en forma de son, de compás regular, simétrico; cadencia reiterada, obsesiva, que funciona como símbolo da sombra, do misterio, do enigma. Mar/resonancia que arrastra, no seu ecoar, olgas e recordos. A paisaxe de fondo confúndese co corpo da amada, á que se interpela na derradeira estrofa. O fluír sereno do hendecasílabo branco, reforzado polas aliteracións, condúcenos aos dous últimos tercetos nos que troca a tonalidade e a intencionalidade: do carácter “enunciativo/descritivo” das catro primeiras estrofas, pasamos a unha vontade “resolutiva” (“Quero...”) na que se expresa a ansia da voz poética: ser na voz da amada.

Xulio López Valcárcel

MAR DO OCASO

Vén o ritmo do mar contra as xanelas,
contra os vidros da néboa onde se escriben
nomes inexistentes que me calan.

Vén o mar, dende dentro das palabras,
a bater na soidade coma un soño,
un soño que se esvae no meu silencio.

Ondas dun horizonte xa imposíbel
a vir sobre os baleiros areais
contra o vougo de min poboando as horas.

Olgas entre recordos pola area,
por entre as dunas brancas dos teus peitos.
Olgas entre recordos e recordos...

Quero ser este tempo de ninguén,
esta ausencia tenaz fronte as rompentes,
este mar que me trae da miña morte.

Ser libre así, na última distancia,
neste ocaso onde poidas, miña amada,
dicirme na túa voz coma un cantar.

Cidade virtual (2003)

Os prantos de Salvador –este chora a Alexandre Bóveda–,
traen o eco antigo dos laios das carpideiras.
Dialogando con Rosalía, a negación do poeta,
“Non houbo galos”, arrepía. Non houbo galos cantando para
o día, o amencer non trouxo o día senón unha turbia noite
de pedra. Non houbo galos, sábeo o home asasinado
na Caeira, sabéo a xente toda oitenta anos despois,
ficando aínda milleiros de corpos nas gabias.
Porén, Salvador, que entregou a Galicia cantos de amor
e inesquecíveis berros pola xustiza, enxerga camiños
de esperanza: a derradeira palabra de Alexandre resoa
de cuneta a cuneta, abrollando na terra e nos decámetros;
como na elexía a Cabanillas, o asasinado retornará ao país
da súa fala, para pousarnos no corazón “a espiñenta flor da
liberdade”.

Marilar Aleixandre

A Alexandre Bóveda,
no derradeiro amencer. 1964

Non houbo galos
para a mañá triste dos seus ollos mortos.

O home da cor da herba ben o sabe
e sábeo o río
e o arado
e os montes e os vimbios tamén o saben.

Non houbo galos...

O vento secou a súa palabra derradeira
e repetiuna por todas as cunetas
e por todos os homes mortos
ao pé dos decámetros.

Deus estaba alí.

Omnipotens Deus
en cada ferida asasinado
como un danger para as bandeiras
que se erguían vitoriosas.

Deus, Un e Trino, entre as árbores
testemuña silandeira
e, sen embargo,
non houbo galos.

Cantos de ausencia. Elexías (1959-2002) (2004)

Apenas uns anos despois da publicación deste poema, noutras latitudes, Elias Canetti pregúntase canta amizade se precisa para poder pensar en solitario. Datado en 1988, non é este o primeiro texto que Salvador García-Bodaño dedica a Carlos Maside, un dos amigos que, segundo el mesmo afirma, máis notablemente influíu no seu pensamento.

A memoria de Maside, nun suave desprezar de naipes, deixa á vista os anos de formación en Santiago, na longa noite dos 50, e con eles a entrada en diversos círculos, con eles a vibración da cidade e da conciencia, o intercambio, as letras, a inquedanza.

Se en *Ao pé de cada hora* (1967) imaxinaba agardalo “cos brazos moi outos como ramos”, vinte anos máis tarde Salvador desexa acalmar a ausencia inscribíndoo, sendo el agora quen retrata. Tallar as horas compartidas na cerna da tarde, volver a mirada aos cafés que foron ágoras. Repasar, en suma, os signos do grafito, non en van compañeiro do diamante.

Alba Cid

A Carlos Maside,
nos signos do grafito. 1988

¿Que gubias han tallar na cerna da tarde
aquelas horas, unha por unha,
ata que acaden
dunha vez para sempre
o gravado total que te reteña?

Buscaremos, aínda en balde,
nos papeis do pretérito
os debuxos máis fieis que te volvan a nós
talmente que daquela...

Nos ámbitos do teu remoto silencio
miraremos de volta
o vougo brillar das grandes ventás
nos antigos cafés da túa ausencia.

¿En que mesas de mármore estarán
os signos de grafito
que a túa man nos foi deixando
para seguirte
por tan gráfica senda?

Sen dúbida algún día pasarás
co sol da medianoite
levando á nosa patria debuxada
e a salvo
nun feixe de carpetas...

Cantos de ausencia. Elexías (1959-2002) (2004)

O escultor das palabras cicela o poema coa sabedoría dos canteiros que escribiron a cidade de Compostela. Do seu exemplo transcribe as leis cristalográficas que dan forma á súa esperanza. Pero a esperanza ten forma circular, muros altos e desorienta os cabalos que baixan beber na noite ás fontes circulares dos ollos dos ausentes, dos que non souberon, dos que renunciaron. Desa incerteza bebe o poeta que imaxina unha patria definitiva, unha cidade que sexa centro e perímetro, canteira e ceo aberto.

Nos estratos fósiles que percorre o escultor das palabras coa intuición de quen vixía a maquinaria do futuro, algún día prenderá a voz que nos recoñeza como pobo. Esa voz propia que nos sirva de espello. Entón abranse as portas da cidade silenciada para que os cabalos desbocados do medo, da morte, atopen sosego no seu interior. Se a luz da mañá chega a respirar polas súas bocas, entón terá sentido este poema. E o escultor que lle deu vida sentirá que aquel tempo de Compostela non foi en van. Porque nel enraizou a semente que soubo dar froito en liberdade.

Baldo Ramos

A cidade pechouse de novo en si mesma
e os cabalos de pedra andan ceibes nas rúas
a flaxelar as sombras
con crinas de auga escura.

A silandeira nai dos ausentes
está a tecer ao vello xeito
un lenzo de esperanza
que xa non sei se alguén de nós
terá de o ver.

Sairemos á mañá de papel
dos calendarios
e brindaremos cun viño acedo
que nos fará caer, seguramente,
polo abismo da nosa longa incertidume.

Unha remota calma de fósiles
medra en silencio
nas canteiras do espírito
e a nosa historia
segue aínda a ser agarda de sempre
baixo secretas leis cristalográficas.

Ollaremos a morte
como algo que nos é conxénito
e cantaremos himnos desesperados
que rubirán ás torres
para encher de bandeiras os cataventos.

Berraremos en todas as linguas
os dereitos á nosa liberdade
con palabras que mesmo afiaremos
para usarmos por lanzas.

Ao cabo, triunfaremos sobre o medo
e iremos cara ao aire primeiro da albadá
mentres que os cabalos se perden lonxe
deixando sobre a nosa memoria
un heroico camiño de ferraduras...

Tempo de Compostela (2004)



TRES CANCIONES DE MIRO

Miro Casabella

Vencellado nos seus inicios ao colectivo Voces Ceibes e máis adiante ao grupo de folk Doa, Miro Casabella puxo música e voz á poesía galega medieval e aos poetas galegos contemporáneos. O seu compromiso co país, coa cultura e co noso idioma fan de Miro un referente. É ademais un dos principais valedores e difusores da importancia da zanfona na nosa tradición musical.

Miro canta as súas cancións (1968), *Miro canta Cantigas de Escarnho e Mal Dizer* (1969), *Coma os vellos trobeiros / O meu país* (1972), *Miro Casabella A Bandeira* (1977), *Ti, Galiza* (1977), *Treboada* (1978), e *Orvallo* (2004) conforman a discografía de quen ten cantado, ademais de con todos os artistas galegos do seu tempo, con Raimon, Paco Ibáñez, Xabier Ribalta, Luis Cilia, José Afonso, María del Mar Bonet...



D. Stone

ADEUS

Na branca surrisa dunha onda,
camiña o adeus de espuma
que calquer día che dixen eu...

Olla cos teus ollos cansos
tódalas praias dise meridián
onde cecáis foi varar paseniñamente.

Eu sei que terás de atopalo
no balbordo do mar
ou antre as sombras das lanchas
na area.

Tamén poida ser que nalgunha cuncha
esquencida
ou no ronsel imborrabel dunha ausencia.

Eu sei que terás de atopalo.

Ao pé de cada hora (1967)

COMPOSTELA

E as lembranzas igual cas ondas
veñen soltas
dende o fondo de nós
e todas
fan un mar que se alonxa...

Compostela é unha rúa longa
na memoria
onde vagan os nomes
e as horas
que cada quen recorda

E as lembranzas igual cas ondas

Tempo de eternidade nas sombras
case vougas
a caer polo días
e as cousas
maino como unha choiva.

E as lembranzas igual cas ondas

Van no libro da vida as follas
xa sen volta
pasando sobre o atril
das lousas
sen que un se dea conta.

E as lembranzas igual cas ondas
veñen soltas
dende o fondo de nós
e todas
fan un mar que se alonxa...

Obra poética (1993)

SE UAS A COMPOSTELA

Se uas a Compostela
cantar leua de amor
polas altas uereas

que coytas ey e door
por belida donzela.

Se uas en rromaria
a mjña alma en peñor
leualle malferida

que coytas ey e door
por donzela belida.

Se ues de Compostela
trage o seu curaço
con adubo de estrelas

que coytas ey e door
por belida donzela.

Se ues de ali conprida
di-me que o seu pardon
ue a la alua do dia

que coytas ey e door
por donzela belida
sso la abeleira en flor
abeleira florida.

Obra poética (1993)

**UN POEMA ROSALIANO
DE SALVADOR GARCÍA-BODAÑO.
POESÍA E CIDADANÍA**

Cando se faga a *Coroa poética para Rosalía de Castro* dos escritores galegos posteriores á Guerra Civil, hai un poema de Salvador García-Bodaño que protagonizará unha das súas máis excelsas páxinas. Titúlase o seu canto “Rosalía Castro, campesiña na eternidade”, e foi publicado no seu segundo libro, *Tempo de Compostela*, tanto na edición de 1978 como na de 1979. Cómpre sinalar que o poema fora escrito anos antes, polo menos en 1971, data na que foi presentado e premiado nos Xogos Florais de Betanzos. Así pois, redactouse o poema en pleno franquismo, dato que convén ter en conta.

Salvador García-Bodaño, como outros poetas do seu tempo, achégase a Rosalía non só como devoto da súa obra poética, senón en demanda de respostas cívicas, porque a poesía da Cantora tamén é un discurso cívico, centos de veces celebrado e glosado desde que Curros Enríquez, nun inmortal epicedio, estampou estes versos:

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta morreu.

Despois da Guerra Civil, son moi poucos os poetas galegos con inquedanzas políticas que non dialogaron con Rosalía, cos seus textos de poeta, sempre á procura dunha orientación, ou dunha definición, ou dun estímulo, ou dunha esperanza.

O texto de Salvador que hoxe nos convoca é un texto poético; por conseguinte, non é unha lección de patriotismo nin un breve tratado de compromisos cívicos, pero eses compromisos existen no texto literario e son, dalgún xeito, susceptibles de seren identificados e tidos en conta para ofrecer ó lector un esquema lóxico do pensamento do noso poeta cando este dialoga con acenos cívicos emitidos por Rosalía.

Desde estas premisas, pido a palabra para achegarme ó poema de Salvador e poñer o acento en argumentos, moi consciente sempre, pola miña parte, de que os “argumentos” non son a poesía, se ben, sen “argumentos”, non existe a poesía (ou certo tipo de poesía).

I

Rosalía, para o noso poeta, é a compañeira do noso pobo e, asemade, unha luz pequeniña decote alumando. Esta miña prosa traduce, con mil traizóns, estes versos:

Compañeira do meu pobo, estadea
de panos brancos e lucentes,
vagalume
chantado no silencio do monte
como un berro de luz
a tremer nas silveiras...

Señoras e señores, coñecen unha interpelación máis conmovedora que a que encabeza este fragmento?:

Compañeira do meu pobo

II

O poeta comunícalle a Rosalía que ela e mais el enterrarán nun burato moi fondo as palabras coas que, os donos delas, durante moito tempo, intentaron poñer fin ás características esenciais de Galicia . Será un soterramento aclara o poeta “sen música nin himnos”, os himnos e as músicas coas que os identicidas enfatizaban as súas palabras inapelables e negadoras.

As miñas traducen con mil traizóns estes seis versos:

Cavarei eu contigo
un profundo burato na memoria
e, xuntos,
soterraremos, sen música nin himnos,
as palabras
que quixeron dar cabo á nosa Historia

III

Xa enterradas as palabras negadoras, chegou a hora de facer, de construír, de camiñar, momento no que o poeta implora a presenza real de Rosalía, da mesma Rosalía, que falecera había 94 anos. Fíxoo o noso poeta con estes dous imperativos: “Desperta, escoita”. Pero a proposta do poeta faise pragmática nos sete versos da penúltima estrofa:

Ergue esa túa voz de camposanto
e fálame,
fálame para que eu saiba
da feble realidade da túa ausencia,
do teu dicir de liño áspero,
da verdade que gardas
nese secreto alén onde esmoreces.

Salvador García-Bodaño, como outros poetas da súa xeración ou xeracións próximas, que viven o final da Ditadura, debrúzase sobre Rosalía en demanda dos seus mellores acenos cívicos. Os poetas, como é ben sabido, non só demandan; capaces son de resucitaren ós mortos, que así de máxica é a palabra dos poetas. Xa o fixera en 1935 Federico García Lorca en “Canzón de cuna para Rosalía Castro, morta”, poema no que contempla unha “Galicia deitada e queda/ transida de tristes herbas”, unha Galicia que despertará se resucita a gran Voz. Por iso comeza o poema con esta interpelación:

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!

O mesmo verbo emprega Salvador Gacía-Bodaño:

Ergue a túa voz de camposanto
e fálame
[...]
da verdade que gardas

Neste texto, por certo, hai algunha expresión que procede dos poemas rosalianos de Luís Pimentel a quen o noso poeta lle dedicou unha elexía no seu primeiro libro (*Ao pé de cada hora*). Pimentel, nun dos seus poemas a Rosalía, caracterízaa cun “Delantal de camposanto”.

No fondo, Salvador, devoto lector de Pimentel, está a homenaxear a un poeta amado, a un poeta que tamén se achegou a Rosalía de Castro para entender mellor a Galicia.

No poema que nos convoca “Rosalía Castro, campesiña na eternidade”, o autor constrúe un texto de densa entidade literaria, que expresa, *in poetico modo*, a relación de García-Bodaño con Rosalía, a Rosalía entendida como voz e intérprete do pobo galego. O poema foi escrito cando o cidadán Salvador García-Bodaño era un súbdito do Réxime de Franco: un cidadán, por conseguinte, con mínimos dereitos, tamén na esfera da expresión. Todo fai supoñer que se escribiu cunha miguíña -ou dúas miguíñas- de autocensura. Aínda así, o poeta García-Bodaño, o cidadán García-Bodaño, estampa versos nos que amosa a Rosalía

como un guieiro distante
a xurdir dende a lama cara ao alto
e ser lóstrego ou berro
da miseria que pace nas devesas.

O que acontece, en non poucas ocasións, é que a denuncia, formulada con recursos estritamente poéticos (non prácticos nin panfletarios), desconcerta a moitos censores que, ás veces, optan pola aprobación. Certamente, cando a alfándega é moi severa, os versos, por sutís que sexan, non atravesan os estreitos orificios da peneira censoria. Non foi así no ano 1971. En efecto, o Xurado dos Xogos Florais de Betanzos estaba constituído por persoas chamadas daquela “desafectas” ó Réxime, sobre todo dúas, un xuíz de Chantada e un catedrático de Literatura no Instituto Masculino de Lugo. Cónstame que o xurado leu

e releu os versos de Salvador García-Bodaño con verdadeira fruición, e con entusiasmo o título do poema, naquela ocasión “Cántico prá túa soedade que se ergue como unha bandeira”. Non era posible outra lectura, dada a entidade poética do texto e dada a música moral que aqueles versos emitían; tamén era unha fartura para o espírito percibir (percibirnos) nalgúns versos unhas raioliñas de esperanza.

APÉNDICE ERUDITO

O poema publicouse, por primeira vez en volume, no cartafol, ilustrado con augafortes de Alfonso Costa, *Tempo de Compostela* (Barcelona: Creaciones gráficas Fernando, abril 1978).

Un ano despois, Edicións do Cerne, que dirixía Luís Mariño, publicou unha fermosísima edición con bastantes máis poemas. Non figuraron, nesta edición compostelá, nin as ilustracións de Alfonso Costa nin o prólogo de Álvaro Cunqueiro.

O texto de 1971 tiña, como lema, estes tres versos de Joan Vinyoli.

Quan de vegades entres on la vida
No és mou, és bo desentranyar
La soledat que limita amb l'obert.

Na miña antoloxía *Coroa poética para Rosalía de Castro* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1985), acollo o poema de Salvador García-Bodaño.

Xesús Alonso Montero
Director da Sección de Literatura
da Real Academia Galega

A Rosalía de Castro
campesina na eternidade.

Nesta chaira da noite pecha en Bastabales,
recanto escuro
dun longo camiñar ás voltas pola terra,
apousan malferidas como adeuses
as pegas da tristura
que aniñaron pra medrar un día
no mainzal sin lindes da túa ausencia...

Hai un río de sangue morto
no fondal das rodeiras
que veñen cara nós dende a longura
da tebra sin luceiros que cingue
a túa soedade máis alá das bidueiras,
o teu calar de rocha espida
e iso teu vagar sin corpo
que anda a se refacer no vento.

Negra sombra, fume nas tellas,
estrela no mencer derrubada,
figueira xa sin fruto
nin merlos
nin solpores
pra sempre no teu soño frorecendo
baixo a fouce branca do luar.

Compañeira do meu pobo, estadea
de panos brancos e locentes,
vagalume
chantado no silencio do monte
como un berro de luz
que aínda trema nas silveiras...

Na calma da choiva caendo nas pedras
sinto brincar
os cabaliños de auga nova
que o aire leva e trae
como pingueiras do teu ser
no casal do meu pensamento.

Vai por min o teu pasar adiante
como un guieiro
que xurde dentre a lama
cara o norde onde se ergue a túa bandeira
como un lóstrego da fame núa
que anda a pacer polas devesas.

Cavaréi eu tamén contigo
un fondo burato na memoria
e, xuntos,
soterraremos sin música nin himnos
as palabras todas
que quixeron dar cabo á nosa Historia.

Faremos, despóis, espadas de papel
cos almanaques
e sairemos a campo aberto
nunha loita
que ha encher de letras as sementeiras
e de cadavres de xornales
os rueiros e as congostras...

Voltaremos entón os dous
ó noso abeiro
pra seres ti o que antes eras:
unha rula de néboa aseisinada
que eu quixen agardar
entre os aramios da miña consciencia.

Olla, non durmas,
mira co teu ollar valeiro
ista morte que tes pra eiquí da morte
e apreixa pola campía estesa
o derradeiro estoupar dos foguetes
que chegan do lonxe
pra ser pregoeiros da túa distancia...

Desperta, escoita,
algo anda a lle dar un novo senso
ás camelias do pazo
e hai que erguer as espadañas
e os espiños
pra que medren ceibes como noutrora.

Díme
si é posible chegar a saber
qué vai ser do noso destino
cando as raíces da Nada
andan a nos negar por dentro.

Dime, ergue a túa voz de camposanto,
fálame
e entón saberéi que por fin
rematou de se cumprir en todos nós
a feble realidade da túa presenza,
a túa palabra de liño aspro
e isa verdade que ti gardas
no alén segredo onde esmoreces...

Dime, procura nese horizonte largacío
sonidos novos que eu comprenda
e fálame por toda a eternidade,
fálanos
hastra que a nosa voz se confunda coa túa
máis alá do confín último
do remoto universo
e máis alá, compañeira do aire,
máis alá aínda
desta Terra onde a Morte
cecais sexa tan sóio
o camiño onde comenza a Libertade...

Tempo de Compostela (1979)

ÍNDICE

- 8 Víctor F. Freixanes Cidade soñada
- 10 Andrea Porto Navegar no verso. Travesía de tempo
- 12 Arcadio López-Casanova No abeiro do canto
- 16 TEXTOS
- 18 Luz Pozo Garza Compostela é unha rúa longa
- 20 Xosé Luís Franco Grande Illa atlántica
- 22 Margarita Ledo Andión Lonxás domingos reprimidos
- 24 Dores Tembrás Un suco no tempo
- 26 Darío Xohán Cabana Galicia
- 28 Helena Villar Janeiro Amencida de alucinación
- 32 Xulio López Valcárcel Mar do ocaso
- 34 Marilar Aleixandre Non houbo galos
- 36 Alba Cid ¿Que gubias han tallar na cerna da tarde?
- 38 Baldo Ramos A cidade pechouse de novo en si mesma
- 42 TRES CANCIÓNS DE MIRO
Miro Casabella
- 45 Adeus
- 47 Compostela
- 49 Se uas a Compostela
- 50 Xesús Alonso Montero Un poema rosaliano
de Salvador García-Bodaño. Poesía e cidadanía
- 57 A Rosalía de Castro, campesina na eternidade

Este libro acabouse
de imprimir
no mes de marzo de 2019
para celebrar a escrita
de
Salvador García-Bodaño

a espiñenta flor da liberdade

Salvador García-Bodaño, poeta, narrador, activista a prol da democracia e da lingua e cultura galegas. Fundador de asociacións tan emblemáticas como O Galo, colaborador do Museo do Pobo Galego, da revista *Teima*, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, entre outras moitas. Sobre todo poeta.

Desde o seu primeiro poemario, *Ao pé de cada hora* (1967), seguido por *Tempo de Compostela* (1978), *Compostela* (1989), *Pegadas no alcatrán* (1994) a *Cantos de Ausencia. Elexías (1959-2002)* (2004), a súa palabra traza un itinerario do íntimo. Os seus poemas revelan o interior dos sentimentos e as rutas interiores de Compostela, a cidade para sempre vencellada ao seu nome.

Trece poemas, uns cantados, outros recitados por poetas de distintas xeracións, honran nesta *plaque* a escrita de Salvador, o seu compromiso cívico e poético.